

1. FILOSOFÍA: SENTIDO, FINALIDADE E HISTORIA. FUNCÍONS E VIXENCIA.

2. RACIONALIDADE TEÓRICA E PRÁCTICA

3. A FILOSOFÍA E OUTRAS FORMAS DE SABER: CIENCIA E FILOSOFÍA

4. O SABER FILOSÓFICO A TRAVÉS DA SÚA HISTORIA.


4.1. A filosofía no mundo grego.

4.2. A filosofía no mundo medieval.

4.3. A filosofía no mundo moderno.

4.4. A filosofía no mundo contemporáneo.

**BLOQUE 1
O SABER FILOSÓFICO E O COÑECEMENTO
CIENTÍFICO**



“Por filosofía entendéronse principalmente dúas cousas: unha **ciencia** e un **modo de vida**. A palabra *filósofo* envolveu en si as dúas significacións distintas do home que vive e se comporta dun xeito peculiar. (...) Xa desde os comezos, na filosofía grega, falouse sempre dunha certa **vida teórica** e ao mesmo tempo todo foi **un saber**, unha especulación.”

Marías, Julián: *Historia da Filosofía*.

“A filosofía é a simple idea dunha **ciencia posible** que non está dada en concreto en ningún lugar (...) Mentres esta meta non fose acadada, non é posible aprender filosofía (...) Só se pode aprender a **filosofar**, isto é, a exercitar o talento da razón (...)”

Kant, Manuel: *Crítica da razón pura*.


ciencia
un saber

modo de vida
vida teórica

ciencia posible

filosofar

ACTIVIDADE 1



“Cando alguén pregunta para que serve a filosofía, a resposta debe ser agresiva xa que a pregunta se ten por irónica e mordaz. A filosofía non serve nin a Igrexa nin ó Estado, xa que ten outras preocupacións. Non serve a ningún poder establecido. A filosofía serve para entristecer. Unha filosofía que non entristece ou non importuna a ninguén non é unha filosofía. Serve para detestar a estupidez, fai da estupidez unha cousa vergoñenta. Só ten ese uso: denunciar a baixaza do pensamento baixo todas as súas formas. Existe algunha disciplina, fóra da filosofía, que se propoña a crítica de todas as mixtificacións sexa cal sexa o seu orixe e fin? (...) Por moi grandes que sexan, a estupidez e a baixaza serían aínda maiores se non houbo subsistido un pouco de filosofía que, en cada época, lles impide ir todo o lonxe que quixerían, que respectivamente lles prohibe, aínda que só sexa polo que dirán, ser todo o estúpida e baixa que cada un pola súa conta desexaría”.

Deleuze, G.: *Nietzsche a e a filosofía*

Aínda que non lle vexamos unha “utilidade” inmediata, si tivo e sigue a ter unha utilidade, vital en cuestión de carácter gnoseolóxico, ético, político, etc...

ACTIVIDADE 2

a) Cuestións meta-científicas

- O discurso científico convértese no obxecto de estudo da Filosofía da Ciencia (idem, da Técnica, etc.)

b) Os problemas últimos da humanidade

- Orixe e finalidade do universo
- Problema da transcendencia, etc

c) Crítica das ideoloxías e dos dogmatismos

- a filosofía trata de liberar
 - o pensamento
 - ao ser humano mesmo

1. FILOSOFÍA: SENTIDO, FINALIDADE E HISTORIA. FUNCIÓNS E VIXENCIA.


1. O SABER FILOSÓFICO

d) Interpretación e crítica da Historia.


- Necesidade de comprender o mundo no que vivimos
- Análise crítico para promover os cambios no futuro

e) Os problemas prácticos.


- O discurso versa sobre o **deber ser** (o que debería ser ou existir, sen importar que sexa ou exista de feito).
- Atopar **procedementos e principios** que permitan **fundamentar un discurso** acerca da **vida moral e a política**.



[Zizek e a utilidade da filosofía](#)



ÁMBITO METAFÍSICO




ÁMBITO PRÁCTICO



PRINCIPAIS ÁMBITOS E RAMAS DA FILOSOFÍA		
HISTORIA DA FILOSOFÍA		
ÁMBITO FILOSÓFICO	PREGUNTAS FUNDAMENTAIS	DISCIPLINAS FILOSÓFICAS
Teórico	Que podo saber? Que quere dicir “coñecer”?	Teoría do coñecemento ou gnoseoloxía Filosofía da ciencia
Práctico	Que teño que facer? Que é a felicidade? Quen ten que mandar?	Ética Filosofía política Filosofía do dereito
Metafísico	Que é a realidade? Ten sentido a vida? Somos libres?	Ontoloxía Metafísica Filosofía da relixión
Antropolóxico	Que é o ser humano? Somos natureza ou cultura? É a mente o cerebro?	Antropoloxía filosófica Filosofía da mente
Lingüístico - Lóxico	Que é o significado? Que relación hai entre as palabras e as cousas? Cando é válida unha argumentación?	Filosofía da linguaxe Lóxica
Estético	Que é a beleza? Que é a arte?	Estética Filosofía da arte

A filosofía é un saber fundamentalmente reflexivo, por iso créase ó redor de preguntas

- Existe un ser superior que nos creou?
- Que é a verdade?
- Que é a realidade?
- Debemos dicir sempre a verdade?
- Que debemos facer coas persoas que cometen actos criminais?
- Por que algo que nunha época é considerado un acto delituoso, noutra época non o é?
- Ten a nosa vida algún sentido?
- Para que educamos na escola?
- En que consiste a beleza?
- Que é o que distingue ó ser humano do resto dos seres?
- Debemos obedecer sempre ás persoas que mandan?
- Por que vivimos en sociedades e non sós?
- Se imos morrer, ten sentido algo do que facemos?
- Somos capaces de coñecer a realidade?



FILOSOFÍA	CIENCIA
Ocúpase de todo	Ocúpase de parcelas
Radicalmente crítica	Non cuestiona os supostos iniciais
Só fundado argumentativamente	Tamén comprobado empiricamente

ACTIVIDADE 3

AS IDEAS FILOSÓFICAS TEÑEN QUE SER

RACIONAIS

COHERENTES

ARGUMENTADAS

O PENSAMENTO MÍTICO	O PENSAMENTO RACIONAL
- Explicacións sobrenaturais / deuses e seres imaxinarios	- Explicacións naturais / observación
- Antropomorfización e divinización da natureza	- Reduce a natureza ás leis físicas
- Coexisten orden e imprevisibilidade	- Predominio da orde / fenómenos previsibles
- Explicación simplista e baseada na imaxinación	- Explicación lóxica e baseada na razón
- Explicación finalista, intencional, da natureza	- Explicación causal, non intencional, da natureza.
- É dogmático e non pode ser contrastado.	- É un discurso crítico e contrastable.



4.1. FILOSOFÍA NO MUNDO GREGO

- Presocráticos: investigación sobre a physis (s. VI a. C.)
- Sócrates e Sofistas: xiro antropolóxico (s. V a. C.)
- Helenismo: busca de consolo e tranquilidade (s. III a. C.)

4.2. FILOSOFÍA A MEDIEVAL

- Teocentrismo: toda a realidade está orientada á vontade divina
- A Filosofía (razón) é escrava da Teoloxía (fe)

4.3. FILOSOFÍA MODERNA

- Antropocentrismo / Renacemento humanista
- Método experimental / Heliocentrismo (consciencia da equivocación)
- Racionalismo (certeza dende o pensamento) vs. Empirismo (certeza dende os datos sensibles)

4.4. FILOSOFÍA CONTEMPO- RÁNEA

- Fragmentación
- XIX: Positivismo, Materialismo Histórico, Vitalismo, Fenomenoloxía
- XX: Filosofía Analítica, Escola de Francfort, Existencialismo, Raciovitalismo